

ACTA Nº 16/2017 DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 1 DE DECEMBRO DE 2017 DO CONCELLO DE LALÍN. EXPEDIENTE PLN/2017/19.-

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

CONCELLEIROS:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS (CxG-CCTT).
D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA. (CxG-CCTT).
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).
D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).
D. M^a JESÚS SÁNCHEZ FERNÁNDEZ (PSdeG-PSOE).
D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).
D^a. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).
D^a. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).
D^a. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).
D^a. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CONCELLEIRO NON ADSCRITO)

SECRETARIO: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA : D^a. EVA MARÍA CASAL SANJURJO.

ÍNDICE:

1.- Expediente 5554/2017. Aprobación, se procede, da acta nº 13 da sesión celebrada o día 29 de setembro de 2017.....	Páx.3
2.- Expediente 5552/2017. Decretos da Alcaldía. Dación de conta. Pleno 01122017.....	Páx.4
3.- Expediente 5410/2017. Establecemento do prezo público para a VIIIª Edición da Carreira do Cocido.....	Páx.8
4.- Expediente 5394/2017. Aprobación definitiva da Modificación do Plan Parcial da Estrada de Lugo SUE-4.....	Páx.11
5.- Expediente 5476/2017. Adhesión do Concello de Lalín á Asociación de Municipios del Camino de Invierno a Santiago.....	Páx.12
6.- Expediente 5426/2017. Moción do Grupo de Goberno para reclamarlle a gas natural Fenosa que se faga cargo dos danos ocasionados en diferentes fincas de Lalín polos traballos de mantemento dos tendidos eléctricos.....	Páx.14
7.- Expediente 5429/2017. Moción do PP para que o Goberno de Lalín e nomeadamente o Alcalde negocie coa Deputación de Pontevedra un Convenio de investimento que aporte unha cantidade proporcional á que lle tocaría de poder solicitar achegas do Plan de Reequilibrio Provincial.....	Páx.15
8.- Expediente 5430/2017. Moción do PP de reprobación e solicitude de dimisión da Concelleira de Cultura.....	Páx.18
9.- Expediente 5540/2017. Moción do PP para habilitar unha liña de axudas que permita ás comunidades de augas que xestionan as traídas veciñais afrontar obras de mellora e modernización destes servizos.....	Páx.21
10.- Expediente 5413/2017. Moción do Concelleiro non adscrito para actuacións no camiño do Furco, camiño da Ponte dos Cabalos e adacementos de fonte e local social en Parada.....	Páx.24
11.- Expediente 5414/2017. Moción do Concelleiro non adscrito para actuacións na pista de Muimenta e Alperiz.....	Páx.26
12.- Expediente 5416/2017. Moción do Concelleiro non adscrito sobre un informe que o goberno ocultou.....	Páx.28
13.- Expediente 5504/2017- Moción do Concelleiro non adscrito en relación á traída de augas en Alperiz e estanque en carballeira- A Veiga.....	Páx.29
14.- Expediente por urxencia 5567/2017. Moción do Grupo de Goberno de rexeitamento ao proxecto de reapertura mineira cobre San Rafael SL.....	Páx.31
15.- Expediente por urxencia 5613/2017. Solicitude de comparecencia ante o Pleno de Celia Alonso Caramés a petición propia sobre a tramitación do ENIL.....	Páx.33
16.- Expediente por urxencia Nº 5607/2017 de solicitude do PP de comparecencia do Alcalde sobre a tramitación do ENIL.....	Páx.34
17.- Rogos e preguntas.....	Páx.34

Sendo as nove horas do venres, **día 1 de decembro de 2017**, xuntáronse no salón de sesións do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuiña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a Orde do Día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral, *D. César López Arribas*.

Actúa como Interventora, *D^a. Eva María Casal Sanjurjo*.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación dos asuntos que conforman a Orde do Día co seguinte resultado:

1.- EXPEDIENTE 5554/2017. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA Nº 13 DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 29 DE SETEMBRO DE 2017

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu con respecto a acta creo que xa o dixeran ao Secretario, eu non dubido que non haxa ningunha mala fe, nin moito menos. A min o que me chama a atención da acta é que poña que non se escoita e aquí teño tres exemplos na páxina 38 pon a intervención do Alcalde e logo pon Xosé Crespo Iglesias (non se escoita) e logo volve falar o Alcalde. Na páxina 51 Nicolás González Casares (xa sabe vostede o que vai pasar o final da concesión, algo que xa advertíronlle a vostede e se falou aquí) e pon Xosé Crespo (non se escoita). Quero dicir que eu sei que non hai mala fe no tema pero o que ocorre é que hai moitas intervencións neste caso na páxina 81, Xosé Crespo Iglesias (non se escoita), Francisco Xavier Vilariño Taboada (non se escoita) e logo Rafael Cuiña si se escoita. Eu sei que non hai mala fe por parte de ninguén pero isto hai que corrixilo porque se eu estou interlocutando cunha persoa e o que eu digo non se escoita e se pon o que di a outra persoa, iso hai que corrixilo dalgunha maneira, Secretario. En todo caso non lle pido que invente cando non se escoita o meu pero si non se escoita o meu tamén debería suprimir o resto. Eu creo que unha vez que se non se escoita e está interlocutando con outra débese suprimir a intervención senón isto queda coxo. Eu quero que cando non se escoita se o Secretario non tomou nota do que dixeran eu ou de calquera outro concelleiro pois o mellor é que esa parte da acta obviaa porque tampouco ten maior transcendencia. Eu pedín no pleno pasado a posibilidade de actualizar a megafonía para poñer un sistema distinto e que funcione para que non de problema, como ocorre na Deputación onde o que se fala aí está todo gravado o 100%. Eu diría buscarlle unha solución a esa parte que pon non se escoita.

O Secretario: É evidente que non hai mala fe por unha razón que o motivo é que non se pulsou este botón do aparato cando vostedes falaban. Non hai mala fe por parte de ninguén en todo caso sería un erro seu por non pulsar este botón. En segundo lugar se queren que quitemos algunha parte a min mo din e non hai ningún problema.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non é un erro meu porque aquí escoitámonos todos.

O Secretario: Nós estivemos escoitando e había 17 apartados onde non se escoitaba. Deses 17 recuperamos todos menos eses 4 ou 5.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu o que solicito é que cando un concelleiro este interlocutando con outro e non se escoite un dos dous que se suprima esa parte, se vostede non tomou nota.

D. Nicolás González Casares: Eu propoño outra cousa, que volvamos as actas de pleno tradicionais porque senón temos a xente todo un mes cuns cascós transcribindo, eu creo que iso está facendo perder moito tempo en Secretaría e logo ter un arquivo público que de fe o Secretario que é o arquivo de software e imaxe do pleno e que teña a validez de referirnos a el. Estamos vendo que as actas de fai tres anos eran de 20 páxinas e agora son de 100

D. Xosé Crespo Iglesias: Non me parece mal a túa proposta de que o Secretario faga as actas tradicionais e que quede o arquivo para discutir cando non esteamos de acordo.

Con estas observacións de cara ao futuro, por unanimidade dos asistentes acordouse aprobar a dita acta de 29 de setembro de 2017, ordenándose a súa transcripción ao Libro de Actas,

2.- EXPEDIENTE 5552/2017. DECRETOS DA ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA. PLENO 01122017.-

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- EXPEDIENTE 5410/2017. ESTABLECIMENTO DO PREZO PÚBLICO PARA A VIIIª EDICIÓN DA CARREIRA DO COCIDO.

Deuse conta do presente expediente e da proposta da Alcaldía de data 22 de novembro de 2017. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 27 de novembro de 2017.

Dª. Teresa Varela Fisteus: Trátase de establecer polo Pleno a contía do prezo público para a VIIIª edición da carreira do cocido, en base a un informe previo do servizo para fixalo en 6 € para os adultos e para as categorías infantís establécese a gratuidade. Non chegaría con este prezo público para asumir a contía do custe desta carreira; ten que haber unha consignación orzamentaria de 5.050 €, porque a previsión de ingresos é de 3.000 € e o custe total é de 8.050 €.

D. José Antonio Varela Quintela: Estamos de acordo co expediente o único é que xa dixemos nas Comisións Informativas que vaia por urxencia.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Foi informado por Intervención.

D. José Antonio Varela Quintela: Entendo que pode ir informado antes e ver con tempo.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de manalzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por **UNANIMIDADE dos asistentes** dos que cinco (5) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro do grupo de non adscritos, **APROBOUSE a proposta, adoptándose o seguinte acordo:**

A Carreira do Cocido é un dos eventos mais arraigados na tradición deportiva da nosa vila, no 2018 cumprirá a súa oitava edición. Trátase dun evento deportivo que organiza o Concello de Lalín en colaboración coa Escola de Atletismo Deza.

A Carreira do Cocido é a proba deportiva na que mais participantes de todas as idades reúne no Concello de Lalín, acadando na edición de 2017 os 780 inscritos. Ano tras ano a Carreira do Cocido non deixa de gañar en participantes converténdose nun dos eventos mais esperados dentro da programación da Feira do Cocido. Habitualmente celébrase o domingo previo ao propio día da Feira do Cocido, pero decidiuse desde a Concellería que represento poñerlle unha data fixa no calendario, pasando a ser o último domingo de xaneiro, neste caso será o vindeiro 28 de xaneiro de 2018. Terá como ven sendo habitual un percorrido de 10Km para as categorías de adultos.

Como evento deportivo de importante magnitude cumpre diferentes obxectivos para o Concello de Lalín:

- ➔ Promove un estilo de vida saudable, pois trátase dun deporte sinxelo e barato asequible a todas as persoas, sexa cal sexa a idade.
- ➔ Sendo un evento de tal magnitude transcende a unha simple proba deportiva e serve para atraer visitantes a nosa vila, ademais o seu percorrido cun treito moi prolongado polo Paseo do Pontifias promociona un dos mais importantes valores da nosa vila.

A Carreira do Cocido mantivo sempre un prezo popular e asequible coa singularidade engadida de ser gratuíta para as categorías infantís, promocionando en nenos e nenas o hábito da competición deportiva saudable.

Neste apartado económico compre sinalar que unha carreira deste tipo é sempre deficitaria, pois o que se pretende é cumprir unha tripe función de aposta polos valores do deporte saudable, promoción do deporte nas idades infantís e ser un atractivo turístico mais para a nosa vila dentro das actividades do Mes do Cocido.

As previsións económicas para a mesma son:

-Ingresos estimados:

- Inscricións: so pagan os adultos, o prezo proposto a aprobar sería o de 6 euros por participante, estímase unha participación de 500 adultos.

500x6= 3000 euros.

-Gastos estimados:

- Cronometraxe, pasarela de pago, xestión de inscricións, dorsais, megafonía, speaker, puntos

quilométricos, arco de saída e chegada, vallas de protección zona meta, podium e bolsa do corredor:

3500 € IVE incluído.

- Ambulancia: servizo de 3 horas con ambulancia de Soporte Vital 450 € IVE incluído.
- Trofeos: 3 por categoría, sendo de maior calidade os primeiros clasificados, un total de 48 trofeos.

1350 € IVE incluído.

- Cartelería: deseño do cartel, impresión de carteis, impresión de vinilos de arco de meta.

550 € IVE incluído

- Animación e canguraxe para nenos e nenas (actividades para 150 cativos).

700 € IVE incluído.

- Obsequio do corredor: merchandising con motivos do cocido (800 uds.)

1500 € IVE incluído

GASTOS TOTAIS ESTIMADOS: 8050 € IVE INCLUIDO.

BALANCE ECONÓMICO ESTIMADO:

INGRESOS-GASTOS:3.000-8.050=-5.050EUROS.

En relación ao cobro dun prezo pola participación en actividades organizadas polo concello, o Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 26 de maio de 2016 acordou o establecemento do Prezo Público pola realización de actividades culturais, impartición de cursos, seminarios, viaxes e outras actividades de carácter deportivo ou socioculturais organizadas polo Concello de Lalín mediante a aprobación da súa ordenanza reguladora, publicada no BOP de Pontevedra o día 27 de xullo de 2016.

Segundo o disposto no Artigo 4º da citada Ordenanza “Ao abeiro do previsto no artigo 47 do Real decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, será o Pleno do Concello quen estableza a contía concreta do prezo público regulado nesta ordenanza”

En virtude do exposto, o Pleno do Concello de Lalín **adoptou o seguinte acordo:**

- Estipular un prezo gratuíto para todas as categorías infantís.
- Estipular un prezo público de 6€ para a VIII edición da Carreira do Cocido a celebrar o vindeiro 28 de xaneiro de 2018
- Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello e na súa páxina web, a efectos da súa publicidade.

4.- EXPEDIENTE 5394/2017. APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO PLAN PARCIAL DA ESTRADA DE LUGO SUE-4.

Deuse conta do presente expediente e da proposta de data 22 de novembro de 2017. A continuación, o Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 27 de novembro de 2017.

D. Nicolás González Casares: Trala crise se presenta unha modificación que non é beneficiosa para o Concello pero mantendo a distribución dos terreos como estaba, é evidente que por parte dos promotores estaban interesados en pechar isto que como sabedes hai rúas que están inutilizadas.

Destacar que foi publicado no BOE non no DOGA.

Despois de tantos anos e dun proceso tan laborioso podemos traer a Pleno a aprobación definitiva da modificación do SUE-4, co cal se este Pleno ten ben aprobar o que traemos aquí poderase abrir ese vial ao uso publico que a día de hoxe non se pode utilizar.

D. Xosé Crespo Iglesias: Isto é un plan que comenzo a modificación o 16 de xullo de 2013. Cando houbo cambio de goberno no 2015 o proceso estaba inmerso na exposición pública e unha comunidade de propietarios presentou unha alegación.

D. Nicolás González Casares: Eu creo que se estima parcialmente unha das cousas da comunidade de propietarios, pero non na súa totalidade e sobre todo no respectivo a viais. Hai un problema no edificio na mina que ten paradas as obras e o revestimento ao mellor non é adecuado porque non se adapta ao lugar no que está. Nós cremos que o interese publico é o máis importante.

D. Xosé Crespo Iglesias: Nós ímonos abster porque non vimos a documentación toda a tempo.

Sometida a votación ordinaria e a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11) sendo dez (10) do grupo de goberno, cinco (5) do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG. Un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Dez (10) concelleiros/as do PP.

Xa que logo, por **MAIORÍA** absoluta do número legal dos membros da Corporación, **APROBOUSE** o expediente e a proposta do seguinte tenor:

En sesión plenaria da Corporación Municipal do Concello de Lalín celebrada en data 25 de marzo de 2003, acordou a aprobación definitiva do "Plan Parcial da Estrada de Lugo, SUE-4" de iniciativa particular.

En data do 16 de xullo de 2013 e 9 de outubro de 2013 con rexistro de entrada núm 4201 e 5927 respectivamente, presentouse polo promotor un Proxecto de Modificación de dito Plan Parcial.

Esta documentación foi remitida para o procedemento de avaliación ambiental estratéxica ao órgano da Xunta de Galicia, que con data 3 de novembro de 2014 emite resolución do Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de non sometemento do mesmo ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica deste procedemento de Modificación, publicándose dita resolución no DOG nº 225 de 24 de novembro de 2014.

En data 1 de decembro de 2014, con rexistro de entrada con núm. 7458 preséntase o PROXECTO DE MODIFICACIÓN DO PLAN PARCIAL ESTRADA DE LUGO SUE-4, que foi aprobado de xeito inicial pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 29 de decembro de 2014, abríndose o prazo dun mes de información pública mediante anuncio no DOG núm. 24 do 6 de febreiro de 2015.

Durante o período de exposición pública só se presentou unha alegación, o día 6 de marzo de 2015 con rexistro de entrada núm. 1319, por D. Jesús Gil Jorge en nome propio e en nome da Comunidade de Propietarios do edificio A Mina.

Na sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o día 18 de maio de 2016 e posteriormente corrixida na sesión do 30 de maio de 2016 acordouse estimar en parte dita alegación, no sentido de que cómpre modificar parcialmente o Acordo de aprobación inicial adoptado pola Xunta de Goberno Local en data do 29 de decembro de 2014. Abrindo unha nova fase de exposición ao público do expediente polo prazo de dous meses, inseríndose anuncio no DOG e nun xornal, e notificar a todos os afectados, titulares catastrais incluídos, para que puideran examinar o expediente e formular, no seu caso, as alegacións que consideraran convenientes.

O anuncio de aprobación do expediente de modificación do Plan Parcial Estrada de Lugo, SUE-4, foi publicado no DOG núm. 185 do 28 de setembro de 2016 e nun dos xornais de maior difusión da provincia e notificado individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados. Transcorrido o prazo de información pública do citado expediente non se tivo presentado ningunha alegación ao mesmo.

O 18 de xullo de 2017 solicitouse á Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia a emisión do preceptivo informe vinculante correspondente para que aclarara o contido dos dous informes emitidos con anterioridade en datas do 24 de abril do 2014 en sentido desfavorable e o emitido a instancias de *D^a Consuelo Saavedra Mato* en sentido favorable. A día de hoxe, 17 de novembro de 2017 non consta a súa emisión, polo que se debe entender emitido en sentido favorable polo silencio administrativo, artigo 16.6 Lei 37/2015 de 29 de setembro de carreteras. Por todo o exposto, e de conformidade co informe de Secretaría e do informe do técnico municipal, o Pleno, **ACORDOU**:

A aprobación definitiva da modificación do Plan Parcial da Estrada de Lugo, SUE-4 pola Corporación municipal.

5.- EXPEDIENTE 5476/2017. ADHESIÓN DO CONCELLO DE LALÍN Á ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE INVIERNO A SANTIAGO

Deuse conta do presente expediente e da proposta de data 24 de novembro de 2017. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de saúde pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultural e Educación do día de 27 de

novembro de 2017.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Queremos formalizar esta proposta que é obrigatorio que veña por Pleno. En función da contía veremos se é beneficioso estar na sociedade ou non. Non estamos dispostos a sumar como en algo como é o Camiño de Inverno no que é máis que coñecido que é unha prioridade para este goberno, pero temos esa cuestión que non nos parece menor.

D. José Antonio Rodríguez Fernández: Despois do que tratou o concelleiro a nivel económico, que era unha das cuestións que queríamos preguntar, arrancar cun punto que pon achegas voluntarias. Estaremos á espera do que vostede nos vaia dicindo. A nivel de regulamentación, parece que chama a atención que se pida como requisito o que se indica na disposición adicional primeira, que se pida un certificado de acordo plenario con voto favorable, que vostedes pola nosa conta van a ter. Na acta fundacional no apartado cinco, que era un dúbida, pedimos que se nos aclare o que pasa co resto de municipios. Por que aparece esa lista nominal deses concellos? Vostede xa explicou porque non aparece Lalín na acta fundacional.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: É exactamente igual como di. Nós quedamos igual de sorprendidos, sobre todo tendo en conta o que se nos di: que non formamos parte por non asistir ás 12:00 horas dun luns, cando e coñecido que eu a esa hora estou no meu traballo. Hai unha declaración de intencións deles e nese sentido de que o van formalizar

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Exactamente o mesmo me dicía o xoves pasado o Alcalde de Monforte, ao que lle pasou exactamente igual que a Lalín. Como dato curioso que o preside a Alcaldesa de Ponferrada que o ano pasado eu estiven reunido con ela e non quería saber nada disto. De repente preside esta asociación.

D. José Antonio Rodríguez Fernández: Noso voto vai a ser favorable porque si que temos claro que a promoción do camiño é fundamental a Lalín. Se nos tocara a nós de facelo tamén o faríamos.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: O problema é que non sabemos o que custa. Se nós co acordo que temos, cremos que a achega deses cartos non é rendible, ao mellor no pleno posterior traemos a proposta contraria. Xa empecei a exposición así porque algo de cartos hai que poñer senón non funciona

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: José Antonio, neste momento estade na oposición, pero portas abertas para o que queirades cos temas relacionados co camiño de inverno e con outros tamén.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de manalzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por **UNANIMIDADE dos asistentes** dos que cinco (5) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro do grupo de non adscritos, **APROBOUSE a proposta, adoptándose o seguinte acordo:**

En relación ao expediente núm. 5476/2017 relativo á adhesión do Concello de Lalín á

Asociación de Municipios del Camino de Invierno a Santiago.

Vistos os Estatutos e Acta Fundacional da antedita asociación e tendo en conta a importancia que teñen as distintas rotas do Camiño de Santiago para o Turismo e a incidencia do turismo no desenvolvemento económico, social e cultural para o noso Concello,

O Pleno, **ACORDOU:**

A adhesión do Concello de Lalín á *Asociación de Municipios del Camino de Invierno a Santiago*, mediante a aprobación dos seus Estatutos e compromiso de participación activa na mesma.

6.- EXPEDIENTE 5426/2017. MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA RECLAMARLE A GAS NATURAL FENOSA QUE SE FAGA CARGO DOS DANOS OCACIONADOS EN DIFERENTES FINCAS DE LALÍN POLOS TRABALLOS DE MANTEMENTO DOS TENDIDOS ELÉCTRICOS.

Deuse conta desta moción presentada no rexistro xeral o día 22 de novembro de 2017 co número de rexistro de entrada 9302. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 27 de novembro de 2017.

D. Nicolás González Casares: Recentemente, como vistes na prensa, foron declarados uns danos de liñas de tensión que pasan polo Concello de Lalín, xa que entraron en diferentes fincas veciñais, cortaron arbores en fincas privadas. Isto non ocorreu nunha soa liña. Practicamente ocorreu en todo o territorio de Lalín. Foron moitas as parroquias afectadas por este problema. A nós non nos parece de recibo que suceda cunha empresa eléctrica que teña que facer o mantemento desas liñas. É o imprescindible polo ben desas liñas, pola calidade dos servizos e polas necesidades dos veciños. Por isto non entendemos e que se faga a machete.

Na programación debería de por a información para os veciños e petición de permiso aos mesmos antes de entrarlle as súas fincas. Dende o concello entendemos que se pasou por enriba de veciños de Lalín, sabemos que incluso algúns o denunciaron outros non.

Reclamamos dúas cousas: Primeiro, que cando se faga algo como isto se faga unha información pública, é moi fácil dar información aos veciños.

Tamén reclamamos á distribuidora que neste caso é Fenosa de que se faga cargo de todos os danos cometidos sobre as fincas dos veciños e de todos os danos avaliados.

Pola parte do Concello de Lalín como son fincas privadas o único que podíamos facer é asesoralos e tratar de axudalos na avaliación dos danos, pero sen facer unha avaliación económica.

D. Xosé Crespo Iglesias: Con respecto á moción que traen, nós ímola a apoiar e estamos de acordo; pero non estamos de acordo co que pon na parte dispositiva. Esta moción non quere máis de que Fenosa faga o que ten que facer. Fenosa ten que pagar os danos causados e, ten que avisar cando vai entrar nas fincas. Propoñemos unha transaccional que sería un terceiro punto onde lle deamos un tirón de orellas a Fenosa: “reprobar por parte do Concello de Lalín a Gas Natural Fenosa pola actuación abusiva que sistematicamente leva a cabo na conservación de todas as liñas da súa propiedade, pisando como sempre fixo os intereses lexítimos dos propietarios”.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Podemos incluír a futuro.

D. Nicolás González Casares: Eu que fun o redactor da proposta estamos de acordo.

Sometida a votación ordinaria a moción do Grupo de Goberno e a emenda do PP, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por **UNANIMIDADE dos asistentes** dos que cinco (5) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro do grupo de non adscritos, **APROBOUSE a moción, adoptándose o seguinte acordo:**

Recentemente veciños e veciñas de diversas parroquias de Lalín como Botos, Bendoiro, Sello, A Veiga ou Cadrón puxéronse en contacto co Concello de Lalín por danos e destrozos en fincas, causados polos traballos de mantemento de liñas eléctricas que atravesan o noso Concello.

Eses danos -consistentes fundamentalmente no paso de vehículos gruga de gran tonelaxe, derrubo de valados, destrozos na vexetación, tala de árbores de particulares que non estaban afectados pola liña eléctrica, etc.- provocaron a reacción dos seus propietarios, que non so deron conta ao Concello se non que denunciaron os feitos. Desde o Concello de Lalín prestouse asesoramento técnico e axuda na avaliación dos danos provocados. Os danos referidos non so se limitaron aos traballos de mantemento lóxicos na área afectada de protección da liña, se non que se denuncian danos ocorridos en fincas afastadas das liñas, pero polas que semella preciso o paso para acceder a elas.

Entendemos que os traballos de mantemento das marxes das liñas eléctricas é imprescindible para ter un servizo de calidade, pois a caída de vexetación ou das árbores existentes pode poñer en risco o subministro. Pero esta necesidade manifesta ten que ser compatible cos dereitos dos propietarios das fincas. Conciliar esas dúas cuestións de xeito previo aos traballos de mantemento aforraría danos e conflitos innecesarios, así como indemnizacións á concesionaria eléctrica, neste caso Gas Natural-Fenosa.

En vista do anteriormente exposto, o Pleno, **ACORDOU:**

1.- Esixir que Gas Natural-Fenosa, propietaria das liñas eléctricas, se faga cargo dos danos ocasionados aos propietarios afectados polos recentes traballos de mantemento dos tendidos eléctricos ao seu paso polo Concello de Lalín.

2.- Que nos futuros e necesarios traballos de mantemento das liñas eléctricas se acorde cos diferentes propietarios, se lles informe da realización dos mesmos e se teña en conta os seus intereses

3.- Reprobar por parte do Concello de Lalín a Gas Natural Fenosa pola actuación abusiva que sistematicamente leva a cabo na conservación de todas as liñas da súa propiedade pisando como sempre fixo os intereses lexítimos dos propietarios.

7.- EXPEDIENTE 5429/2017. MOCIÓN DO PP PARA QUE O GOBERNO DE LALÍN E NOMEADAMENTE O ALCALDE NEGOCIE COA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA UN CONVENIO DE INVESTIMENTO QUE APORTE UNHA CANTIDADE PROPORCIONAL Á

QUE LLE TOCARIA DE PODER SOLICITAR ACHEGAS DO PLAN DE REEQUILIBRIO PROVINCIAL.

Deuse conta desta moción presentada no rexistro xeral o día 22 de novembro de 2017 co número de rexistro de entrada 9305. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 27 de novembro de 2017.

D. Xosé Crespo Iglesias: Esta moción que presentamos polo noso grupo, entendo que é algo que debería facer o Concello de Lalín. Á Deputación ocorréuselle un Plan para concellos de menos de 20.000 habitantes. Este plan o había co PP. Logo había outro plan para concellos de máis de 20.000 habitantes e menos de 50.000 habitantes. Iso era o que facía o anterior goberno.

O que non vexo ben é que os concellos de máis de 20.000 habitantes que teñen un compoñente rural como pode ser por exemplo Lalín, A Estrada... queden prexudicados con respecto ás grandes urbes.

Nós o que propoñemos nesta moción é que a nós nos parece moi ben que haxa un plan específico para concellos de menos de 20.000 habitantes. Propoñemos o que facíamos nós: que cando viña un plan destes, que para os concellos de máis de 20.000 habitantes ou se cree un plan específico ou se monten convenios específicos para compensalos, porque por exemplo Lalín ten 20.000 habitantes, pero non é un concello urbano, é un concello fundamentalmente rural, e queda fora do dito plan.

O que pedimos é que se negocie coa Deputación o que nós facíamos anteriormente e é que haxa plans para todos os concellos. Pero aquí hai para concellos de menos de 20.000 habitantes e logo para Pontevedra e Vigo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estamos de acordo. Fai quince días chamoume a Alcaldesa de Marín e estivemos falando deste tema e para pedir o que piden nesta moción. Eu dixen que por suposto estaba máis que de acordo. Onte falei co Alcalde da Estrada e tamén estaba na mesma liña. Pregunteille se, ademais do Plan Concello, sacaron algo máis á Deputación e díxome que non.

Seguiremos traballando cos Alcaldes con esta petición que fai o PP e coa que estamos de acordo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu vivín vicisitudes na Deputación de Pontevedra. Cree vostede que os criterios de reparto da actual Deputación son mellores agora que coa anterior?. Eu non estou de acordo para nada cos criterios de reparto para a actual Deputación para menos de 20.000 habitantes; pero hai unha fenda grande cando tocas a Vigo e a Pontevedra. Os criterios de reparto estarían ben se non fora polos convenios con Vigo e Pontevedra que son totalmente abusivos. O reparto estou máis de acordo con anterior que con este. Que Silleda coa metade de poboación, lle dean igual que a Lalín.....

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Subscribo as súas palabras en canto ao tema de Vigo e Pontevedra. O que me interesa é sacar cousas para os veciños de Lalín. Sobre o plan bianual non se ía a facer ao principio, pero algúns forzamos para que sexa posible. Para o resto do ano 2019 hai compromiso para que o resto dos concellos non queden xa con todos os cartos gastados.

Por **UNANIMIDADE dos asistentes** dos que cinco (5) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro do grupo de non adscritos,

APROBOUSE a moción, adoptándose o seguinte acordo:

O pasado día 14 de novembro de 2017 a presidenta da Deputación, Carmela Silva, e o vicepresidente César Mosquera anunciaron a posta en marcha dun novo programa de axudas aos concellos ao que bautizaron como Plan de Reequilibrio. Dotado con preto de 15 millóns de euros, ten como obxectivo o desenvolvemento de equipamentos e dotacións en concello da provincia de menos de 20.000 habitantes. Condición esta última, que deixou fora a concellos como o de Lalín ao superar esa cantidade de habitantes.

Este novo Plan de Reequilibrio suporá un investimento cuantioso en tres dos concellos da nosa comarca e entorno. 706.136 euros no Concello de Silleda, 354.302 euros no Concello de Rodeiro 312.000 euros no Concello de Forcarei que se dedicarán a infraestruturas deportivas en tódolos casos. Cantidades moi importantes e que se achegan á dotación que estas entidades municipais tiveron dentro do Plan Concellos que ascendeu a 741.293 no caso do concello de Trasdeza, polos 706.000 deste novo plan.

Plan ao que non puido acceder o Concello de Lalín ao superar a barreira dos 20.000 habitantes marcada, pero que na extrapolación de datos co aportado para o Concello de Silleda pola Deputación suporía para Lalín un investimento do entorno aos 1,5 millóns de euros. Importante cantidade que quedará sen percibir Lalín e os lalinenses pola ausencia de negociacións dos responsables do goberno municipal lalinense para que nestes plans se inclúan todos os concellos agás as grandes capitais.

Con esta nova discriminación, Lalín volve a quedar marxinado polo organismo provincial e sen posibilidades de cuantiosos investimentos ao non poder acceder nin ser capaz de negociar axudas millonarias vía convenio que se están a asinar pola Deputación en Vigo e Pontevedra e quedar fora de achegas como as do Plan de Reequilibrio que si deixan notables cantidades de cartos noutros concellos con moito menos da metade de poboación, no mellor dos casos.

Esta situación confirma o denunciado en varias ocasións polo Partido Popular; que agardamos que se reverta con esforzo, negociación e traballo, de que o goberno da Deputación ten castigado e ningunea a Lalín e para o noso Concello non chega un euro máis aló do que nos toca. Falla de investimentos máis aló do Plan Concellos que acreditan a ínfima capacidade de negociación e de xestión de recursos externos do goberno de Lalín e que deixan retratada a actitude do goberno provincial para con un dos concellos máis destacados da provincia.

Unha situación insostible que o alcalde, en primeira persoa, e os seus socios de goberno, como compañeiros do executivo da Deputación, tiñan que ter solucionado xa nos dous exercicios anteriores e que permitiron que en dúas campañas orzamentarias o organismo provincial tratase a Lalín e aos lalinenses co desprezo do esquecemento nas grandes partidas e investimentos, pero tamén nas pequenas achegas. Situación que, aínda correxíndoa agora, vai a deixar un importante déficit inversor para os veciños de Lalín, tanto con respecto ao mandato anterior como con respecto a outros Concellos ou as grandes cidades neste mandato.

Polo o exposto, o Pleno, **ACORDOU:**

1.- Que o goberno de Lalín, e nomeadamente o alcalde, negocie e xestione coa Deputación de Pontevedra un convenio de investimentos por un montante económico

semellante ao percibido polo Plan Concellos 2017, como percibirán entidades municipais como a de Silleda dentro do Plan de Reequilibrio, ao que non puido acceder o Concello de Lalín.

2.- Que co montante económico resultante da negociación deste convenio, e como queira que os outros concellos do noso entorno os dedicaron a infraestruturas deportivas, o Concello de Lalín acometa un plan de arranxo integral dos dous pavillóns municipais e das dúas pistas de tenis adxacentes aos mesmos.

8.- EXPEDIENTE 5430/2017. MOCIÓN DO PP DE REPROBACIÓN E SOLICITUDE DE DIMISIÓN DA CONCELLEIRA DE CULTURA.

Deuse conta desta moción presentada no rexistro xeral de 22 de novembro de 2017 co número de rexistro de entrada 9306. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable de Comisión Informativa de saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 27 de novembro de 2017.

D^a. Eva María Montoto Méndez: Dende o PP queremos como mínimo unha reprobación non polo feito en si, se non pola actitude posterior a eses feitos. No Pleno pasado quedou claro cal era a súa postura. Como representamos a unha parte importante de veciños estamos no noso dereito de pedirlle unha reprobación por esa actitude.

No Pleno pasado vostede contestou índose polas ramas para non contestar ao que se lle preguntaba. A moitas das preguntas non respondeu e a outras respondeu mesmo con ironía. Un dos motivos que xustifica esta moción é a importancia que lle da á asistencia aos Plenos. Isto podería haberse comentado e que o seu voto fora válido. Consideramos que podería estar igualmente representada con outras formas ou sistemas. Por outra parte, esa importancia dos Plenos outras veces non se ve. No anterior pleno podemos ver como catro concelleiros, algún deles con dedicación exclusiva abandonaban o Pleno antes de realizar a última votación. Entendemos que os Plenos teñen que ser importantes para todos e non só para poñelos de escusa cando utilizamos un coche oficial ou o coche do Concello. Acabou recoñecendo que ese coche a recolleu no seu domicilio e a deixou no seu domicilio. Entendemos que se lle deu tempo ir a casa non tería tanta presa.

Para nós que se situara nesa posición de non humildade, de que non fora capaz de pedir desculpas e o verdadeiramente importante. Todo isto tería unha transcendencia moito menor se vostede dixera que se equivocou.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Eva: Grazas pola túa intervención nada violenta. Eu non sei para que fan mocións e as presentan, porque realmente non fan mención delas. A min se me están pedindo outras cousas na moción que non se di no Salón de Plenos.

É a terceira vez que aparecen no salón de Plenos con este tema. Neste tema houbo un devagar. No primeiro momento o problema era o coche; no segundo momento que era un audi; e no terceiro momento é a miña falta de humildade. Aclárense.

Eu non vou permitir que me dea leccións un partido corrupto. A min daríame vergoña pertencer a un partido coma o voso. Eu non teño nada persoal con vostedes. Isto é política.

Non se cinguen á moción, están pedindo a miña dimisión por algo máis que por non asumir que o que fixen foi un erro, e é porque salgo nun video. De repente aparecen máis motivos para a miña dimisión.

D^a. Eva María Montoto Méndez: Vostede dígame os erros que cometeu o meu partido nestes dous anos, non me refiro a nivel nacional. Eu acepto leccións de todo o mundo, pero eu respondo dos meus actos e do grupo ao que represento co que estou día a día.

Vostede o que fai aquí é política e defende só a quen lle interesa defender por política. Se pretende dar exemplo de algo, non debe facer os comportamentos antagónicos que vostede predica e iso foi o que fixo: simplemente se trouxo aquí un erro. Eu son capaz de asumir leccións.

E o do vídeo, consideramos que unha concelleira é unha persoa que ostenta un cargo público e que non pode instar a ninguén nin a animar á rabia, como di vostede nese vídeo. Eu refírome a vostede e ao seu partido, como tamén ten erros e xa non digo a nivel nacional nin autonómico, senón local.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Incido o que dixen anteriormente: que o aburrimiento é patente. Voulle dar a razón en algo: é que aparezo nese vídeo. É un vídeo criticando a aplicación do artigo 155 en Cataluña. Eu creo que o PP se esquece de que aínda existe a liberdade de expresión.

D^a. Eva María Montoto Méndez: Queda claro porque o noso voto vai a ser a favor desta moción.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Mostro o meu apoio á compañeira que eu creo que non fixo nada polo que teña que pasar este xuízo sumarisimo. Entendo que son cuestións políticas.

Eu teño moitas amizades no PP e, cando se di del partido corrupto, non estou cómodo, porque a inmensa maior parte do PP é xente decente. Pero cando alguén está nun colectivo ao mellor non pode dar moitas leccións, aínda que un persoalmente as poida dar.

Dicía que había catro concelleiros que marcharan porque se sentiron ofendidos con algunha expresión, *Crespo* estivo a punto de marcharse. Vostedes marcharon todo cando foi o nomeamento do fillo ilustre de Lalín. Estas cousas pasan, non é nada especialmente grave.

D^a. Eva María Montoto Méndez: Por alusións. Ofendidos nos sentimos moitos en algunhas ocasións e non nos levantamos por respecto ao Pleno.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Entendo que as veces que se levantaron foron marxinais en dous anos e medio.

D. Juan José Cruz García: Aquí hai moita xente que está cobrando 600-700 € e algún está cobrando 60.000 €, como vostede que dixo que non ía a cobrar; outro que dixo que non ía a cobrar está imputado.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Chámoo a orde por primeira vez porque non ten vostede a palabra.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de manalzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11) sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: Dez (10) do grupo de goberno, sendo cinco (5) do CXG-CC-TT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

Abstencións: Ningunha.

Xa que logo, por **MAIORÍA** absoluta do número legal dos membros da Corporación, **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:

O pasado día 6 de novembro de 2017, coincidindo ca celebración da sesión plenaria correspondente ao mes de outubro, comparecía ante a corporación, a petición do grupo municipal do Partido Popular, a concelleira Lara Rodríguez Peña no que foi a comparecencia máis lamentable que rexistrou na súa historia o plenario lalinense.

Decenas de preguntas sen responder e outras contestadas con cuestións que nada tiñan que ver co tema proposto; saídas de ton para desviar a atención do obvio e restar importancia aos feitos como o de comentar que elixira o coche oficial do goberno porque “campaba” mellor; o recoñecemento intrínseco de que o coche oficial do Concello con chofer municipal saíu do garaxe da consistorial só para facer un servizo particular; que quedou patente ao recoñecer a concelleira que a recolleran na casa e que cando volveu a Lalín, despois de facer o exame da oposición, a deixaran na súa casa e non no Concello –o que desmonta que o desprazamento o fixera en coche oficial para chegar pronto ao pleno, cando antes de asistir ao Concello sobroulle tempo para volver ata a casa-; a negativa a contestar ao por que non utilizara un medio de servizo público como un taxi e a actitude altiva, prepotente, e falla de humildade con quen estaban a fiscalizar en nome de todos os lalinenses o proceder da concelleira, demostran o sectarismo e o todo vale no que está instalada tanto o goberno como a propia concelleira.

Á vista da máis que reprobable comparecencia da concelleira, quedou claro que o coche oficial do Concello, conducido por un chofer municipal, saíu dos garaxes municipais co único obxectivo de cumprir un servizo pura e estritamente privado. Traballador e vehículo saíron do Concello para recoller á concelleira na casa, levala ao exame de oposición e devolvela na propia casa da concelleira; un desprazamento que por moitas voltas que lle queira dar a concelleira, coa anuencia do alcalde e do grupo de goberno, foi só para o servizo de ela mesma a nivel privado e non para o interese xeral dos veciños de Lalín.

Un uso recriminable e irregular dos medios públicos que o alcalde tentou cualificar como anecdótico, nunha estéril defensa do indefendible e que demostra cal é o xeito de xestionar do rexedor e do goberno municipal, que se contrapón ca actitude e a xestión que defendían os grupos que conforman o goberno nos seus programas electorais e mesmo no acordo de goberno que subscribiron todas as formacións ao inicio do mandato.

A maiores do antedito, engádese o feito de que a citada concelleira afirmou en sede plenaria que lle parecía normal a utilización que fixo dos medios públicos e que ademais sen sentía orgullosa de elo, non amosando ningún tipo de arrepentimento nin pedindo desculpas por esta conduta que en campaña electoral e cando asinou o acordo de goberno lle parecía impropia.

Á falla de ética de Lara Rodríguez, na súa condición de concelleira, na contemplación das normas básicas da xestión dos bens públicos únese o “vale todo” da súa acción política fora de Lalín na que pide, cunha dose alta de xenreira e mesmo de incitación ao odio, que a xente tome as rúas contra outros gobernos que non son o do que ela forma parte. Formas e declaracións que dificilmente se poden xustificar nun político en labores de oposición e que son, de todo punto intolerables, nun cargo político en activo.

A intervención da concelleira Lara Rodríguez nun vídeo editado por “En Marea” demostra a dobre vara de medir desta política lalinense que en Lalín pide apoio e fidelidade para o goberno do que forma parte e cando chega a Santiago pide a xente saír e ocupar as rúas e demostrar toda rabia contra quen goberna con declaracións como as seguintes: “Temos

que activar a rabia, temos que tomar as rúas....”. Incitacións á violencia e á revolta dos cidadáns recriminables e intolerables nun cargo público, máxime cando á impulsora non é precisamente un exemplo a seguir como quedou demostrado no último pleno.

Actitudes sectarias do goberno do que forma parte, episodios bochornosos para os lalinenses de algúns dos seus compañeiros, unha política de esquecemento de sectores cruciais para Lalín e toma de decisións de costas aos veciños de Lalín non implicaron nin o máis mínimo comentario en contra nin crítico por parte da mesma concelleira que, alí onde non goberna, quere que a xente saia a activar a súa rabia e a tomar as rúas con contundencia. Declaracións que unidas ao comportamento probado no uso de medios públicos, descualifican totalmente á presente concelleira.

Tendo en conta o anteriormente exposto, o Pleno, **ACORDOU**:

1. Reprobar á concelleira de Cultura, *Lara Rodríguez Peña*, pola utilización dun vehículo oficial e de persoal do Concello para un desprazamento exclusivamente persoal e sen ningún tipo de relación coa defensa dos intereses dos lalinenses; por non ter pedido desculpas nin amosar ningún tipo de arrepentimento por contravir dun xeito flagrante o pacto de goberno asinado cando se formou o cuatripartito; así como, polas reprobables declaracións recollidas nun vídeo político da formación En Marea na que incita ao odio e á revolta pública contra un goberno elixido democraticamente.
2. Esixir a dimisión inmediata da concelleira de Cultura, *Lara Rodríguez Peña*, polas cuestións recollidas no punto anterior.

9.- EXPEDIENTE 5540/2017. MOCIÓN DO PP PARA HABILITAR UNHA LIÑA DE AXUDAS QUE PERMITA ÁS COMUNIDADES DE AUGAS QUE XESTIONAN AS TRAÍDAS VECIÑAIS AFRONTAR OBRAS DE MELLORA E MODERNIZACIÓN DESTES SERVIZOS.

Deuse conta desta moción presentada no rexistro xeral o día 27 de novembro de 2017 co número de rexistro de entrada 9428. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 27 de novembro de 2017.

D. Xosé Crespo Iglesias: Esta moción ven motivada porque coa seca que está habendo este ano, todo o mundo coincide en que non é normal e que aínda pode ser máis grave. Tómanse medidas, mesmo quere facerse o trasvase do río Verdugo. Por sorte en Lalín tivemos sorte e porque tomamos medidas fixemos moitas obras.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Tomamos medidas no mes de maio.

D. Xosé Crespo Iglesias: O que pretendemos con esta moción é que se faga unha traída de augas con axudas e que se traia unha modificación. Nalgún caso haberá que facer unha captación e ampliar a captación que a hai. Eu se quero propoñelo, porque ten o seu custo pero é asumible que é como se fai nalgún concello de Castela. Que como dixéronme poden bombear 50.000 litros de auga.

Eu non tiven ese problema porque na miña etapa nunca houbo unha seca como esta. A competencia das traídas de auga é municipal, pero iso non son traídas municipais, son veciñais.

A Deputación de Lugo puxo en marcha hai uns anos unha liña de axudas. O Concello de Redondela ata hai dous anos tiña este tipo de axudas.

D. Miguel Ángel Medela Dobarro: Nós temos que ver a forma legal de facer esas axudas. É certo que ata agora non tiñamos ningunha petición de traídas de auga nin arranxar tanques, nin nada. Estamos facendo algúns proxectos como é conectarse ao abastecemento municipal, un tanque de Anzo, porque na maioría dos casos é que son vellos os tanques. O de Alperiz é máis problemático, porque teñen problemas os veciños. En Lebozán tamén hai que facer o abastecemento. A de Busto téñena unha comunidade de montes e cambiaron este ano o tanque e piden facerlle unha traída a maiores.

Hai nalgunhas que podemos actuar sen problema algún e despois ver a forma legal. Eu creo que a seca vai a ser un problema estes anos e imos ter que cometer obras alí.

D. Xosé Crespo Iglesias: Hai que actuar onde hai problemas e mirar cales son as solucións. Non cabe dúbida que si hai comunidades de veciños que fixeron esas traídas. Nós fixemos traídas de todo tipo, ben dando axudas ou facéndoas nós. Coa moción queremos crear unha liña de axudas non concretas, senón para quen lle faga falta. Pódense quitar 50.000 litros cun motor e placas fotovoltaicas.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Nós estamos de acordo. Ímonos abster por unha razón, non temos claro a legalidade.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu díxenlle un apunte sobre a Deputación de Lugo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vou a pedir informes a Intervención e Secretaría a este respecto, se os informes din que se poden facer nós absolutamente de acordo. Nun exercicio de responsabilidade deste Goberno, nós no mes de maio tomamos medidas por iso no Concello de Lalín é menos grave a situación porque tomamos medidas no mes de maio.

O outro día nunha conversa con Abel Caballero preguntáballe sobre o tema da seca e dicía que Vigo non tiña ningún problema e eu dicíalle que nós levábamos dende maio tomando medidas e agora están como están e pedindo axuda a Xunta.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu deille todas as claves. Hai concellos que o fan e Deputacións que o fan. No seu momento, cando non regaban nada, si que podían regar. Daquela non había ningún problema.

No seu momento houbo unha polémica con Augas de Galicia cando tiñamos o bombeo en Botos e fixemos o bombeo máis arriba no mesmo río. Ese bombeo fíxoo Augas de Galicia e púxoo no mesmo río, algo máis arriba. Eu non quería ese bombeo. Sabes onde quería eu situar o bombeo? No río Deza. Agora non teríamos ningún tipo de problemas.

D. Nicolás González Casares: En Gondariz hai augas sulfurosas.

O Secretario: Estamos facendo un convenio coa traída de Anzo. O problema que nos encontramos é a cesión de uso. Con ela non se trata de municipalizar o servizo. É un convenio de uso durante 30 anos. Se o Concello vai a poñer cartos, ten que ter algún poder de disposición.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Se veñen aquí con este tipo de mocións estamos de acordo

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11) sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Dez (10) do grupo de goberno, sendo cinco (5) do CXG-CC-TT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

Xa que logo, por **MAIORÍA** absoluta do número legal dos membros da Corporación, **APROBOUSE** a Moción do seguinte tenor:

O abastecemento de auga aos veciños de Lalín presenta unha casuística moi variopinta cun importante número de veciños que se nutren do subministro municipal, outros que reciben o servizo de auga procedentes de traídas privadas ou comunais e uns terceiros, os máis numerosos no rural hoxe en día, que conseguen a auga para o consumo doméstico e para as explotacións agrícolas e gandeiras procedentes de pozos artesáns e de barrena.

Un abastecemento que nos últimos meses foi quedando comprometido e baixando a mínimos na case totalidade dos casos, cando non interrompéndose pola baixada do nivel dos acuíferos e das captacións que deixaron sen auga algunhas traídas veciñais e moitos dos pozos de barrena e artesáns do rural. Situación complicada para o uso doméstico, pero especialmente para o uso agrario.

Nos últimos mandatos, o goberno anterior fixo un esforzo importante para mellorar o servizo de abastecemento de auga, primeiro afrontando a construción dunha nova captación e despois coa posta en servizo dun gran tanque de abastecemento en Lagazós, que permitiron dimensionar o servizo municipal da traída de auga, que neste intre abastece ao núcleo urbano e a numerosos lugares do rural. Só unha situación de seca como a actual, que non unha deficiencia nas dimensións da infraestrutura hidráulica, pode comprometer o servizo.

En situación máis comprometida se atopan a día de hoxe as traídas de titularidade privada ou comunal que abastecen o consumo doméstico e agrario dun bo número de lugares. Nas últimas décadas foron moitas as comunidades veciñais, parroquias e grupos de veciños os que aproveitaron manantiais, antigas minas e afloracións de auga para construír a súas traídas privadas ca intención de abastecerse do líquido elemento, tanto para o uso doméstico como para o uso nas súas propias granxas e explotacións.

Un bo número destas traídas de Comunidades de Augas atópanse a día de hoxe con problemas de abastecemento por deficiencias na instalación e pola baixada dos caudais que obrigan a remodelar esta infraestrutura hidráulica para garantir a continuidade do abastecemento. Instalación de separadores de medidores de consumo, instalación de cloradores, ampliación de acometidas, construción de novas captacións son algunhas das problemáticas que estas comunidades afrontan nun prazo de tempo moi corto pola tesitura provocada pola seca actual, pero que deben solucionar a base de investimentos que garanta o futuro destes servizos.

Na actualidade, o Concello de Lalín conta con preto dunha trintena de parroquias, que nalgún ou na totalidade dos lugares, dispoñen de traídas veciñais ou comunais para dar servizo aos seus veciños, o que denota a importancia desta infraestrutura e do servizo que están a prestar.

Partindo da base da relevancia e o papel fundamental que desenvolven estas Comunidades de Augas, grupo de veciños e parroquias que afrontaron a súa constitución como garantes do subministro de auga ás vivendas e explotacións naqueles lugares onde non

chegaba o subministro municipal; é necesaria a realización dun esforzo por parte do Concello para habilitación dunha serie de achegas que axuden á construción, captación de novos manantiais, mantemento e ampliación das traídas existentes e con elo garantir a chegada da auga a todas as casas do termo municipal.

Unha liña de axudas ás traídas comunais que debe artellarse á máxima brevidade posible e cunha dotación suficiente como para permitir que as obras que se afronten con esta dotación económica axude a garantir o subministro de auga a veciños e explotacións dun bo numero de lugares do rural.

Polo exposto, o Pleno, **ACORDOU**:

Que o goberno municipal de Lalín cree unha liña de axudas anuais ás Comunidades de Auga ou entidades de xestión das traídas veciñais, co fin de afrontar as diferentes obras e melloras das infraestruturas hidráulicas privadas e veciñais que abastecen o consumo doméstico, agrario e gandeiro do rural lalinense.

10.- EXPEDIENTE 5413/2017. MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO PARA ACTUACIÓNS NO CAMIÑO DO FURCO, CAMIÑO DA PONTE DOS CABALOS E ADECENTAMENTOS DE FONTE E LOCAL SOCIAL EN PARADA.

Deuse conta desta moción presentada na oficina auxiliar de rexistro electrónico o día 22 de novembro de 2017 co número RE-452. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 27 de novembro de 2017.

D. Juan José Cruz García: Os veciños da Balouta séntense esquecidos. É patético como esta o camiño do furco, a fonte e local social de Parada. Tedes paralizado o saneamento de Cadrón e votastes en contra. Fixeches unhas reformas mínimas en Muimenta.

Os veciños da Balouta teñen que saír a rozar e demandan o mesmo trato dunha pista. Esta moción vai por Parada, porque necesitan que se arranxe o camiño do furco. Pedimos unha serie de actuacións que son mínimas. Prioritario é que os veciños poidan acceder as súas fincas.

Eu pido que se roce a entrada da Ponte dos Cabalos e se pase a crear un roteiro como outro calquera e addecentar a fonte de Parada.

As denuncias que fixen en redes sociais se están subsanando.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Facendo alusión ao que di o señor Cruz de que unhas parroquias son mellor tratadas ca outras.

Os veciños de Prado preguntanos cando se vai facer o acceso á Igrexa. En Moneixas arranxaron o palco e o local social. En Zobra hai un ano que están coa depuradora, pero seguen os ramais sen colocar. No ano 2016 íase a colocar unha depuradora en Vilatuxe. Cree o señor Cruz que estas parroquias estaban máis favorecidas? Eu creo sinceramente que non.

A moción ímola votar a favor, porque entendemos que todas as melloras que sexan para os veciños deben ser tidas en conta. As dúas pistas que van na súa moción xa foron aprobadas aquí en dúas ocasións

Tememos que, aínda que sexan aprobadas, sexan apartadas polo grupo de goberno, como ocorreu con cantidade de pistas pactadas.

D. Juan José Cruz García: A coherencia da moción ven en poñer unha data que é o

31/03/2018. Á Ponte dos Cabalos non lle dou a prioridade do Camiño do Furco. Por tanto deixo máis aberto o que é a temporalización. Que sexa punto de captación e intentar construír un punto de captación e que poda servir os veciños para abastecer en posibilidade de seca.

No da fonte hai unha transaccional pola miña parte para que á fonte se lle dea unha prioridade na construción de captación de augas cun pozo de barrena para axudar as explotacións gandeiras da zona.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Na parroquia de Muimenta, que está afectada pola actitude do concelleiro non adscrito, en todo caso metemos unha caldeira que custou 50.000 €. No que é o Auditorio fixemos todo o que nos pediron.

En Cadrón estamos traballando con dificultade nos saneamentos. Logo, que non se fan as pistas de Zahorra; as estamos facendo. Nós non facemos parches, facémolas completas para que duren moito tempo.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Os acordos aos que chegamos veñen do 2016. Quedaron en que estas pistas as ían arranxar coa máquina da Mancomunidade e marcharon de Lalín e non sabemos cando volverán.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Se non se puido facer máis é porque non houbo tempo material pero seguiremos facéndoas

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de manalzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11) sendo un (1) do concelleiro non adscrito e dez (10) do PP.

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Dez (10) do grupo de goberno, sendo cinco (5) do CXG-CC-TT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

Xa que logo, por **MAIORÍA** do número legal dos membros da Corporación, **APROBOUSE** a moción e a emenda do edil non adscrito do seguinte tenor:

Cantos meses leva Cuiña sen mencionar traballos en algún lugar da zona da Balouta?. Será que lle ten manía a esta zona?. O máis que se acercou foi á parroquia de Cangas, agradecerlle susanara as denuncias que cursei (motor de auga local social, etc). Canto tempo leva Cuiña sen pisar as parroquias de Muimenta, Cadrón, Parada, Alperiz e A Veiga?. **O saneamento en Cadrón teno paralizado** e quere facer un terzo do aprobado (e veremos cando). As **mínimas reformas no auditorio** aprobáronse despois das protestas en prensa e redes sociais. A ampliación da **praza de Muimenta paralizado** e sen visos de avanzar.

En Parada os veciños realizan labores de limpeza e mantemento dos camiños municipais. En Alperiz máis do mesmo. Na Veiga nin están nin se lles espera. Isto xa pasa de castaño a escuro. Para os veciños da Balouta este desgoverno é o peor da historia. Só se ocuparon de desbrozar a fondo para os Roteiros. Pero para os veciños cero patatero. O abandono do rural na Balouta é humillante. Non calarei ata que cumbran e dean o mesmo trato que a outras parroquias como Prado, Moneixas, Zobra ou Vilatuxe. A Balouta non vai pagar os caprichos de Cuiña. Véxome na obriga de darlle voz á Balouta (virán outras propostas). Xa son varias as parroquias doutros puntos do concello que demandan a miña visita; visitareinas.

A Balouta xa non cala. Veciños de Parada queren expresar o seu descontento co Concello. Cuíña presumiu nas redes sociais de ir por alí, con Medela de apuntador. Prometeron **arreglar o local social, arreglar a fonte pública** e arreglar varios camiños públicos tanto o firme como desbroce, mantemento das cunetas etc) , entre eles o vai de Parada a Muimenta, **camino do Furco** (que ademais tería un bo uso para a extinción de incendios no seu caso, pois actualmente está intransitable), demandan que se mellore os accesos ao monumento da **Ponte dos Cabalos**, noutros roteiros con ben menos HISTORIA invirte o tenente alcalde grandes cantidades económicas.

Resultados: menos que cero. O Concello non só non fixo nada senón que os propios veciños tiveron que activar a "Brigada Puigdemont: os veciños traballan, o concello non" (así me pediron que etiquetara en redes, aconselláronme que empezara a tomar con humor a política local) os veciños xa toman a pitorreo os compromisos e a falta de palabra de Cuíña nestas demandas e noutros temas non locais, apunta Medela...! Avisa ao alcalde que que a xente está cansándose, mesmo están valorando comprar zahorra pola súa conta.

Señor alcalde esíxolle o mesmo trato que lle da aos seus amigos doutras parroquias. Os de Parada non son menos ca ningún veciño de Lalín. A Balouta non existe para este alcalde. Farei públicas fotos que demostran as promesas incumpridas do señor Cuíña e o abandono de zonas e relación de actuacións que compartiron desde o goberno que demostran que non, **NON aparece nos "papeis de Cuíña" A Balouta**. O seu apuntador Medela foi testigo de que non minto (e se non que enseñe a libreta a ver que carallo apuntou... porque facer non fixo nada).

Polo exposto, o Pleno, **ACORDOU**:

1.-Que o goberno do Concello de Lalín habilite a partida necesaria antes do 31 de marzo de 2018 para a adecuación e alquitranado do Camiño do Furco que une Parada e Muimenta.

2.-Que o goberno do Concello de Lalín mellore os accesos á Ponte dos Cabalos en Parada, desbroce, limpie cunetas e unifique o seu firme.

3.-Que o goberno do Concello de Lalín proceda á captación de augas cun pozo de barrena para axudas ás explotacións gandeiras da zona, o seu local social e inmediateiros.

11.- EXPEDIENTE 5414/2017. MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO PARA ACTUACIÓNS NA PISTA DE MUIMENTA E ALPERIZ.

Deuse conta desta moción presentada na oficina auxiliar de rexistro electrónico o día 22 de novembro de 2017 co número RE-452. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 27 de novembro de 2017.

D. Juan José Cruz García: En Alperiz houbo unha pista que se arranxou dende Muimenta ata un punto. Chegado ao punto, o adecentamento non foi o mesmo. Aos veciños lle interesa que o adecentamento desta pista sexa igual na súa totalidade.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Calquera mellora que repercuta nos veciños teranos no seu lado. Coincidimos con vostede en que hai que darlle continuade a estes

traballos. Imos votar a favor.

D. Juan José Cruz García: Eu falo de prioridades e a caldeira de Muimenta e o Auditorio son prioritarios.

D. Xosé Crespo Iglesias: O Auditorio era decente. Só faltáballe a calefacción. Eu síntome orgulloso. Cando Marín con 20.000 habitantes non tiña ningún auditorio, Lalín xa tiña catro.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de manalzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11) sendo un (1) do concelleiro non adscrito e dez (10) do PP.

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Dez (10) do grupo de goberno, sendo cinco (5) do CXG-CC-TT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

Xa que logo, por **MAIORÍA** do número legal dos membros da Corporación, **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:

Seguen as queixas no rural de Lalín. Cada vez son máis os veciños que queren alzar a súa voz para que se lles escoite no concello. Reclaman o cumprimento das promesas esquecidas. Desta volta son veciños da parroquia de Alperiz os que acaban de poñerse en contacto comigo para facerme chegar, admirados polos resultados inmediatos das protestas públicas que fago desde o meu facebook, prensa e nos plenos, a suxerencia de que demande ao concello que se remate dunha vez por todas na súa totalidade a pista que une Muimenta con Alperiz. Entenden que esta obra non debe quedar pola metade e que deben facer chegar o arranxo á vía principal, ao seu paso por Alperiz, que une As Lamas con Ventosa.

Os veciños desta parroquia ven con moi bos ollos a presión fructífera exercida tanto polos parroquianos de Muimenta como polos de Parada e cren que a súa pretensión tamén é lóxica e debe ser atendida. O que é ilóxico é deixar unha pista feita a pola metade e por elo piden e esperan que se subsane a carencia. Acuden a min como último recurso, fartos das promesas incumpridas e da palabrería barata, porque a eles o señor alcalde segue sen facerlles caso. Eu apoiareinos na súa xusta causa e por iso lles fago de altavoz. Reclámolle ao señor alcalde, no seu nome, que cumpra as súas promesas.

Por outra parte tamén informo que me acaban de trasladar novas queixas doutras parroquias e lugares. Vou atender todas as queixas e farei de altavoz ante o desgobro de Lalín, para esixir que se cumpran as promesas. E se non cumpren seguirei facendo públicas as queixas dos veciños para escarnio deste desgobro ata que cumpran coas súas responsabilidades. A xente xa está cansada e din que Medela, o apuntador de Cuíña, escribe moito pero con mala letra, por eso Cuíña non lle entende a letra e olvídase de facer o que mandou apuntar.

Durante o último ano nunha pista por zona de monte e punarez une Alperiz con Muimenta, hasta un sitio ten mellores materiais e conducións de auga e firme e daltando 1 Km solo actúo motoniveladora.

Polo exposto, o Pleno, **ACORDOU:**

Completar a obra toda por igual, que se optimice toda ela igual. O fundamental é dotar de firme bó, e cunetas e tajeas na parte que enlaza hasta Alperiz.

12.- EXPEDIENTE 5416/2017. MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO SOBRE UN INFORME QUE O GOBERNO OCULTOU.

Deuse conta desta moción presentada na oficina auxiliar de rexistro electrónico o día 22 de novembro de 2017 co número RE-452. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de saúde pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 27 de novembro de 2017.

D. Juan José Cruz García: Houbo un informe que tivo bastante transcendencia, porque se eu fun tratado de maltratador por dicirche que te poñía as leis diante das narices para que as leras. Eu quero preguntar agora se Nicolás é racista?. Porque sei que o funcionario de servizos sociais é cubano. Atacouno vostede dicindo que é racista?. Ves ata onde chega o voso xogo?.

Este informe falaba moi a favor da miña actuación nese momento. Quero que o Secretario certifique se hai informes desta temática.

O que pido é que me deades ese informe, que sei que existe; senón, que o Secretario certifique que non existe ningún informe sobre esta temática.

O Secretario Xeral: O que se pide é un informe. A documentación concédea ou denégaa o señor Presidente. A moción ten que ir no sentido de instar, pero sempre tendo en conta que a competencia é do Alcalde.

D. Juan José Cruz García: Neste momento para pedir un informe ou certificado, a Interventora díxome que tiña que ter o apoio 1/3 da corporación.

O Secretario Xeral: Con o apoio de 1/3 poderíase elaborar un informe.

D. Juan José Cruz García: Cambiamos certificado por informe.

Dª Raquel Lorenzo Fernández: Entendemos que procede a solicitude de documentación, salvo en casos moi puntuais en que se pida un informe. Se existe ese informe é raro que prexudique ao Goberno. Nós pedimos ese informe, tamén porque queremos ter toda clase de informes.

O Secretario Xeral: O informe sería sobre a existencia ou non doutra documentación. Farei un informe sobre a documentación que se me entregue.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de manalzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11) sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Dez (10) do grupo de goberno, sendo cinco (5) do CXG-CC-TT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

Xa que logo, por **MAIORÍA** do número legal dos membros da Corporación, **APROBOUSE**

a moción do seguinte tenor:

Tendo o concelleiro que asina constancia de que por parte dos técnicos de Igualdade e doutros técnicos do concello se elaboraron diversos informes relacionados coa miña persoa, en referencia a varios temas, entre eles o debate xurdido no seu día ca concelleira de Medio Ambiente, *Celia Alonso* no que se me acusou de maltratador por dicirle que lle ía a poñer as leis diante das narices para que as lera, debo solicitar poder acceder e copiar todos os informes elaborados polo departamento de Igualdade e doutros departamentos do Concello de Lalín que, directa ou indirectamente, teñan que ver ca miña persoa e actividade política.

Sei que se fixo un informe que me beneficiaba moito na miña loita por defender o meu honor e dignidade.

Quero aclararlle aos cidadáns que me gustaría **adicarme** por encima de todo **a propor actuacións** en positivo para os veciños antes que seguir desmontando as mentiras e difamacións deste goberno verdureiro, pero quero que entendan que debo defenderme e defender a verdade, quen minte non pode estar na política.

Sei que ao goberno non lle gustaba nada **un informe que está gardado nun caixón** no edificio de todosos lalinenses, non lles favorecía na campaña de desprestixio que iniciaron na miña contra e na máis que probable **incitación ao odio que provocaron en prensa e redes cara ao concelleiro non adscrito**.

As productividades aos funcionarios poden facer que se escriban cousas que eu non escribiría... hai que ter coidado...

Aviso a navegantes estou valorando seriamente **levar a xuízo** a unha decena de persoas (aproximadamente) **por exaltación ao odio cara a miña persoa**, o mínimo que tiñan que facer algúns é pedir disculpas, perdón, vou tenderlle o brazo PRIMEIRAMENTE ao funcionario de igualdade, ten o meu teléfono e ao concelleiro do caso coa menor en Vilatuxe o Sr. Casares, este segundo xa minteu varias veces sobre a miña persoa. Os mentireiros non poden estar en política.

Cóntovos : Púxéronse en contacto comigo funcionarios da casa, algún cansos do trato recibido por parte do goberno... para avisarme que hai un informe gardado nun caixón que me beneficia moito. O do trato aos funcionarios deixámolo para outro día.

Polo exposto, o Pleno, **ACORDOU**:

Atender á demanda de solicitude do informe e copia (**do secretario**) da **relación de tódolos informes** técnicos emitidos **sobre a polémica con Celia Alonso e Juan José Cruz García** na que se lle acusou de maltratador, e que sexa o Secretario o que diga se hai ese informe ou non.

Copia de todos os informes citados tal e como se lle teñen entregado (de outros) na sesión plenaria deste mes de novembro e ou visita.

13.- EXPEDIENTE 5504/2017- MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO EN RELACIÓN Á TRAÍDA DE AUGAS EN ALPERIZ E ESTANQUE EN CARBALLEIRA- A VEIGA.

Deuse conta desta moción presentada na oficina auxiliar de rexistro electrónico o día 25 de novembro de 2017 co número RE-464. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 27 de novembro de 2017.

D. Juan José Cruz García: Paréceme sensato que se fagan estes puntos de captación. Só pedía un punto de captación para Carballeda, pero neste caso vou pedir que sexa un en Carballeda e outro na Veiga, como os técnicos consideren oportuno e segundo Augas de Galicia nos dea os seus permisos.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Insistir que todo o que sexan melloras para os veciños, parécenos ben. Cremos que Medela e vostede teñen as parroquias bastante abandonadas. Entendemos que o que pide é necesario e ímolo apoiar

D. Juan José Cruz García: Estas mocións veñen aquí para ordenar as prioridades.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu creo que hoxe te pasaches moito co PP.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de manalzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11) sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Dez (10) do grupo de goberno, sendo cinco (5) do CXG-CC-TT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

Xa que logo, por **MAIORÍA** do número legal dos membros da Corporación, **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:

Durante o presente ano 2017 o **subministro de auga** pasou de ser unha preocupación a un **problema**. Creo que debemos reflexionar sobre un tema de vital importancia para garantir os servizos básicos de todos os veciños deste concello. Aínda que para os servizos básicos domésticos a escasez de auga non chegou a ser oficialmente un problema, si houbo que tomar medidas como deixar de regar zonas verdes etc. Creo que esta situación debería facernos máis conscientes do problema que podería supoñer non dispoñer de subministro de auga, para o básico, pois ben, debemos lembrar que aínda quedan parroquias, e lugares en Lalín onde non se dispón dun subministro de auga e alcantarillado digno.

Despois de manter conversas con máis veciños da Balouta pídenme que levante a voz e pida o CUPO para a Balouta. Valoramos varias posibilidades e vendo a predisposición moi positiva nos veciños de **A Veiga, Carballeda, A Ponte** tomamos a decisión de empezar por demandar para esta zona de gran actividade gandeira un **punto de captación de auga, un depósito**. Coñezo ben a parroquia e aos seus veciños, parroquia exemplar que colaborará co concello de seguro coa, e na obra, coas súas aportacións e segundo as súas posibilidades seguindo as indicacións dos técnicos locais. A predisposición por parte dos veciños é óptima, escoitei das súa voz que a cesión de terreos non é un problema. Os veciños precisan deste punto de captación ou recollida de augas porque o número de cabezas de gando é considerable. Os veciños pensan que ademais sería unha obra boa para loita contra incendios.

Noutra das parroquias da Balouta, **Alperiz** observan atónitos os debates suscitados nas

redes sobre as prioridades do desgoverno e o trato diferenciador dependendo de que lado esteas politicamente, moitos dos veciños non queren nada máis que denunciar que levan varios anos demandando **traída de augas** para esta pequena parroquia; insisto a economía da mesma depende case ao 100 % da **gandería**, non podo logo permitir que os meus veciños pasen por problemas na actividade que lles da de comer.

Está concellería non vai apoiar políticas de CUPOS, nin privilexios duns cidadáns por ser dunha parroquia ou outra. Apoiándome nun dos principios máis universais, a igualdade de dereitos etc, solicito que se antepoña a calquera inversión prescindible como as citadas estes días, parque do concello, locais sociais, palcos etc, a dotación de servizos de subministro de auga e alcantarillado para todos os veciños de Lalín, que lles permita garantir esas necesidades para a súa vida e a das súas empresas, tamén no rural.

Polo anteriormente exposto, o Pleno, **ACORDOU**:

Primeiro.- Que o Concello de Lalín elabore un proxecto dentro do plan de obras da Deputación de Pontevedra do 2018 e dote do presuposto necesario para a realización da traída de augas de Alperiz.

Segundo.- Que o Concello de Lalín elabore un proxecto dentro do plan de obras da Deputación de Pontevedra do 2018 e dote do presuposto necesario para a realización de estanque, depósito, punto de captación de auga no lugar de Carballeda, A Veiga.

14.- EXPEDIENTE POR URXENCIA 5567/2017. MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO DE REXEITAMENTO AO PROXECTO DE REAPERTURA MINEIRA COBRE SAN RAFAEL SL.

Deuse conta desta moción presentada no rexistro xeral o día 28 de novembro de 2017 co numero de rexistro 9452.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: A urxencia é porque nola pasaron hai poucos días e que é un tema sensible que afecta a temas medioambientais e económicas de futuro.

Por **UNANIMIDADE** acordouse apreciar a urxencia e ratificar a mesma, aos efectos do disposto no art. 91,4 do ROF por RD 2568/1986, de 28 de novembro, tendo en conta as circunstancias que concorren no caso.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Hai aquí representantes que se queren explicar o porque desta cuestión se o Pleno o ten a ben. Senón o fago eu.

D. Xosé Crespo Iglesias: Acaba de recoñecer que hai uns días lle pasaron este proxecto. Se vai vir o Pleno, o normal non é que mo diga o Secretario cando me estou sentando. Non me gusta que o dean antes do Pleno, cando vostede o ten fai dous días

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: A asociación dirixiuse a nós e como se estaba votando a favor en todos lados, non ía ser un tema de debate.

De seguido un representante da plataforma ou asociación das persoas afectadas por a reapertura da mina de cobre San Rafael S.L. tomou a palabra e explicou a situación e po que

demandaban.

Sometida a votación ordinaria a moción e o expediente, mediante o sistema de manalzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por **UNANIMIDADE dos asistentes** dos que cinco (5) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro do grupo de non adscritos, **APROBOUSE a moción, adoptándose o seguinte acordo:**

O pasado 25 de agosto saíu a exposición pública o proxecto de reapertura da explotación da mina para a extracción de cobre nos concellos de Touro e O Pino, presentado pola empresa Cobre San Rafael S.L. Este novo proxecto pretende seguir explotando os mesmos xacementos abandonados so ano 1986 (nas mesmas cortas) máis novos xacementos colindantes con estes, dentro dunha concesión máis ampla que abarca o concello de norte a sur nunha extensión superior as 2.000 Has., inicialmente, xa que según proxecta a empresa socia do proxecto Atalaya Mining a súa intención é estender a explotación con cortas sucesiva, unha vez teñen iniciado, ata chegar a 122 km cadrados de extensión.

Trátase dun proxecto de megaminería a ceo aberto que ocupará unha extensión de 689 Ha iniciais, ca cales só o 30% son terreos xa afectados pola explotación anterior. Vaia afectar a case 500 Has de terreos agrícolas e forestais que son a base produtiva de moitas explotacións agrarias dos núcleos máis cercanos á explotación. Xunto as catro cortas existentes vanse a escavar 6 novas cortas que dará lugar a outras tantas zonas mineiras coa eliminación definitiva do uso destes solos para as actuais e futuras actividades agrogandeiras ou forestais. Trátase dun proxecto con impactos tan severos que imposibilitan, na práctica, o mínimo respecto mediambiental requerido e que podemos resumir sintéticamente en tres aspectos.

Impacto medioambiental. A magnitude da explotación, e pese a todas as medidas previstas, fai imposible a compatibilización da actividade co mínimo respecto medioambiental: Eliminación de mananciais de captación de auga para consumo doméstico, afectación ás augas subterráneas e superficiais, aos ríos e ao propio Ulla, construción dun enorme depósito de residuos altamente contaminante fronte ao núcleo de Arinteiro, impacto paisaxístico con entulleiras a unha altitude moi superior á actual do terreo, etc.

Impacto na saúde. Os metais pesados son elementos moi perigosos para a saúde. A contaminación das augas por estes metais característicos de toda actividade mineira é un facto de risco moi elevado ao que estará sometida toda a poboación do entorno. Ademais o ruído ininterrompido, as vibracións polas voaduras e a emisión de po nas mesmas, no movemento de terras e no seu traslado serán outros factores que incidirán negativamente na saúde da poboación.

Impacto económico. Unha actividade mineira desta envergadura elimina explotacións gandeiras ao desaparecerlle a súa base territorial, reduce a produción hortícola e frutícola, é un freo a moitos proxectos de investimento que se están levando a cabo no sector agrogandeiro e é unha hipoteca para calquera desenvolvemento das actividades de transformación relacionadas con este sector. A minaría prevista non vai crear ningún tecido produtivo na zona, tan só unha pequena xeración de postos de traballo temporais e de baixa cualificación que en absoluto compensan, nin de lonxe, todo o dano que, será para sempre. É un tipo de minería

propia do século XIX consistente en extraer un recurso para favorecer exclusivamente empresas foráneas e deixar aquí a contaminación.

As propias alegación que publicou esta semana a Sociedade galega de Historia Natural ao informe deixan constancia das grandes afectación que supón.

Estamos por tanto ante un proxecto con un impacto ambiental inasumible, un impacto sobre a saúde preocupante, un impacto económico negativo e un impacto social que xera unha forte alarma e rexeitamento en toda a contorna.

Por todo exposto, o Pleno, **ACORDOU**:

1. Trasladar á Xunta de Galicia o rexeitamento da Corporación a este proxecto.
2. Solicitar ao goberno galego a denegación da reapertura da actividade mineira.
3. Demandar á Xunta de Galicia que obligue ao titular á restauración dos solos e das augas, subterráneas e superficiais, contaminadas pola anterior actividade mineira.

15.- EXPEDIENTE POR URXENCIA 5613/2017. SOLICITUDE DE COMPARECENCIA ANTE O PLENO A PETICIÓN PROPIA DE CELIA ALONSO CARAMÉS SOBRE A TRAMITACIÓN DO ENIL.

Deuse conta desta solicitude de comparecencia presentada no rexistro xeral o día 29 de novembro de 2017 co numero de rexistro 9521.

D^a. Celia Alonso Caramés: Solicito a comparecencia para poder explicar todo o que está sucedendo co ENIL “Fraga de Casa Vellas” especialmente nas cuestións técnicas. Solicito a miña comparecencia para poder explicar polo miúdo toda a documentación.

Por **UNANIMIDADE** acordouse apreciar a urxencia e ratificar a mesma, aos efectos do disposto no art. 91,4 do ROF por RD 2568/1986, de 28 de novembro, tendo en conta as circunstancias que concorren no caso.

D. Xosé Crespo Iglesias: Parécenos ben todo tipo de comparecencia. Dígolle unha cousa nas dúas comparecencias que nós nos queremos documentar ben e non lle oculto que fomos á Consellería para documentarme, porque hai cousas que non me cadran.

Sometida a votación ordinaria da proposta e a comparecencia de *Dna. Celia Alonso Caramés*, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por **UNANIMIDADE dos asistentes** dos que cinco (5) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro do grupo de non adscritos, **APROBOUSE a comparecencia no vindeiro Pleno de D^a. Celia Alonso Caramés, adoptándose o seguinte acordo:**

Dna. Celia Alonso Caramés, concelleira de Medio Ambiente do Concello de Lalín, solicita a súa comparecencia- a petición proia- ante o Pleno da Corporación Municipal, de acordo co estipulado no artigo 105 do Regulamento de organización e Funcionamento das

entidades locais.

O obxecto desta comparecencia será o de dar conta de todas as xestións e medidas realizadas na tramitación do ENIL “Fraga de casas Vellas”, cuxa solicitude vén de ser desestimada pola dirección xeral de patrimonio Natural, mediante resolución do 15 de novembro de 2017.

Así mesmo, a concelleira pónse a disposición dos membros da Corporación municipal para responder a todas as preguntas que lle susciten os membros da Corporación, que así o desexen sobre o asunto en cuestión.

16.- EXPEDIENTE POR URXENCIA Nº 5607/2017 DE SOLICITUDE DO PP DE COMPARECENCIA DO ALCALDE SOBRE A TRAMITACIÓN DO ENIL.-

Deuse conta desta solicitude de comparecencia presentada no rexistro xeral o día 29 de novembro de 2017 co numero de rexistro 9532.

Sometida a votación ordinaria a urxencia da tramitación do expediente, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse ratificar dita urxencia.

Sometida a votación ordinaria da proposta e a comparecencia do Alcalde, D. Rafael Cuiña Aparicio, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por **UNANIMIDADE dos asistentes** dos que cinco (5) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro do grupo de non adscritos, **APROBOUSE a proposta e a moción, adoptándose o seguinte acordo:**

Ante a gravidade das irregularidades cometidas na tramitación do ENIL de Casas Vellas por parte do Concello de Lalín; no que a Xunta de Galicia advirteu de deficiencias na xustificación dos valores naturais do entorno desta fraga no documento aportado polo Concello, a non resposta concreta á solicitude tramitada polo organismo autónomo de complemento da información sobre as árbores antigas da fraga e á ausencia de resposta en tempo e praxe ás alegacións presentadas, entre outro, polos propietarios do 25% dos terreos do ENIL, é polo que estimamos necesaria unha explicación oficial, clara e concreta de toda a tramitación.

Por elo, o Pleno, **ACORDOU:**

A comparecencia do Alcalde Presidente do Concello de Lalín, Rafael Cuiña, na vindeira sesión plenaria para que ofrezca explicacións claras e concretas sobre a tramitación deficiente do ENIL.

17.- ROGOS E PREGUNTAS

Dª RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ: Preguntas para *D. Miguel Ángel Medela Dobarro*.

1ª PREGUNTA: O Concello de Lalín ten previsto acometer a construción de depósito de

augas contraincendios no lugar da parroquia de Botos. Está adxudicado o traballo a algunha empresa?

D. Miguel Ángel Medela Dobarro: Si esta traballando.

2ª PREGUNTA: Por que non se pediu permiso a Augas de Galicia previamente?.

D. Xosé Crespo Iglesias: A obra está adxudicada a unha empresa.

D. Miguel Ángel Medela Dobarro: Pedimos permiso a Augas de Galicia e agora ao final de todo presentounos alegacións Paco e vai ser difícil podelo facer. Tardou moito en contestarnos Augas de Galicia.

Xa non me meto cando vostedes dixeron que eran en terreos municipais e tiñan todo en rigor.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pediches permiso a Augas de Galicia fai seis ou sete meses?.

D. Miguel Ángel Medela Dobarro responderá por escrito

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS:

Hai días dixemos que íamos pedir a comparecencia do Alcalde ante cousas que estaban pasando aquí e non sabíamos moi ben de quen ían e que estaban relacionadas co departamento de servizos sociais. Sabía que había unha denuncia pero non a transcendencia que tivo. Non vamos a facer xuízos paralelos. No seu momento pediremos a súa comparecencia para darlle a oportunidade de explicarse diante de todos os lalinenses

D. Nicolás González Casares: Agradecer o ton. Dikir que non me referín ao PP. Eu mesmo solicitarei a comparecencia cando poida solicitala.

Ás 12:06 Teresa abandona o Pleno

D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA: No tema do ENIL si que ten cheiro político. Ten moitísimo cheiro político.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estes son rogos e preguntas.

1º ROGO.- D. Juan José Cruz García: Eu quero facer un rogo: Que lle contedes a verdade ao pobo de Lalín.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vale.

D. Juan José Cruz García: Este é o rogo. Que lle contedes a verdade. Claro que cheira. É difícil situarse e saber que intereses pode ter o goberno para non contestar aos requirimentos. Eu quero que saibades que a Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 118.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Juan José: de verdade?.

D. Juan José Cruz García: Quero que lle digades.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Por favor, unha cuestión de formas. Non quero nin cortarche nin fastidiarche a túa intervención. O que che pido por favor é que fagas o rogo e a pregunta. Non son mocións. Pídocho por favor. Fai rogo e fai pregunta, porque, se non, véxome obrigado a cortarche e non quero cortarche.*

D. Juan José Cruz García: Quero que digades a verdade ao pobo de Lalín. Quero que lle leades o artigo 118 da audiencia aos interesados do procedemento administrativo común das administracións públicas, na que vos non tedes ningún dereito. *“Non se terán en conta na resolución dos recursos, feitos, documentos ou alegacións do recorrente cando habendo podido aportalos no trámite de alegacións non o haia feito, tampouco poderá solicitarse a práctica de probas cando a súa falta de realización no procedemento no que se ditou a resolución recorrida fora imputable ao interesado”.*

Ou sexa que estades vendidos xa no proceso administrativo. Só vos quedará outro tipo de procesos, non?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Por favor.

D. Juan José Cruz García: Por favor, dicirlle a verdade ao pobo de Lalín e non sigades xogando co tema do ENIL.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Seguinte rogo.

PREGUNTAS

1.- PREGUNTA.- D. Juan José Cruz García: Empezamos a valorar seriamente ter que falar. Gustaríanos investigar un decreto do Alcalde de Lalín onde é un decreto que nos chama moitísimo a atención, un decreto no que se lle dá cerca de un millón de euros ao Banco Sabadell. Polo tanto acerca deste decreto da Alcaldía se pide un préstamo ao Banco Sabadell dun millón de euros e gustaríanos investigar se o Alcalde e o Tenente Alcalde interveñen en algo neste tema e que responsabilidades poden ter. Vou facer unha serie de preguntas. Que vaian apuntando.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Está ben que o digas e xa non é a primeira vez. Ti sabes que hai unha Mesa de Contratación e sabes que hai ofertas e gaña quen gaña. Ti intentas sobrepassar todos os límites.*

D. Juan José Cruz García: Se non me deixas falar.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Eu son o Presidente e falo cando me dea a gana.*

D. Juan José Cruz García: Vale.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: E vouche dicir unha cousa. Eles, cos que temos rifirrafes nunca superaron os límites, como dicía antes *Pepe*. Dámonos caña, pero sabemos ata onde podemos chegar. Ti os sobrepasas. Ti verás. Adiante.

O Secretario: Aquí hai que ter en conta que hai un terceiro que é o Banco Sabadell. A

ver se o que se diga ou das actuacións que se fagan, vamos a ter un problema co Banco Sabadell. Hai que ter coidado.

D. Juan José Cruz García: Eu vou preguntar todo. Non se preocupe que non hai ningún problema.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Imos é plural.*

D. Juan José Cruz García: Podo proceder a preguntar?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Si.

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

2.- PREGUNTA.- D. Juan José Cruz García: Recordan o señor Alcalde e o señor Tenente as insinuacións verquidas no seu día cara ao Presidente da AED nas que se daba a entender que recibira un trato de favor cando dirixía unha oficina bancaria?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non sabes o favor que me estás facendo hoxe.

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

3.- PREGUNTA.- D. Juan José Cruz García: Mantén o señor Alcalde todas e cada unha das insinuacións que se fixeron no seu día contra o Presidente da AED mentres era director nunha oficina bancaria?

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

4.- PREGUNTA.- D. Juan José Cruz García: Que importe se quitou da entidade bancaria Bankia con motivo de condenar os desahucios?.

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

5.- PREGUNTA.- D. Juan José Cruz García: A que entidades bancarias foron a parar e que importes?

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

6.- PREGUNTA.- D. Juan José Cruz García: Unha parte moi importante destes cartos foi a parar á conta do Banco Sabadell?.

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

7.- PREGUNTA.- D. Juan José Cruz García: A muller do Alcalde e irmá de Nico traballa na oficina do Banco Sabadell de Lalín?

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

8.- PREGUNTAS.- Juan José Cruz García: É certo o rumor de que a muller do Alcalde

e irmá de Nico ascendeu a Interventora coincidindo máis ou menos coa época na que o Concello trasladou os cartos procedentes de Bankia ao Banco Sabadell?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Perdón, señor Cruz.*

D. Juan José Cruz García: Teño que seguir.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Si. Seguirás cando me dea a min a gana. Como es un autentico sinvergona político. Simplemente como está aquí a prensa. A miña muller non é interventora nin sequera. Desta politicamente non paso; que o saibas. Repito: eles e nós nunca sobrepasamos determinadas liñas que o agradezo sempre e eu nunca sobrepasarei, a pesar do que pasou con Eva que foi un erro, como xa me desculpei en determinadas liñas con eles tampouco. Pero ata aquí chegamos.*

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

9.- PREGUNTA.- D. Juan José Cruz García: É certo o rumor de que a muller do Alcalde e irmá de Nico ascendeu a Interventora coincidindo máis ou menos coa época na que o Concello de Lalín trasladou os cartos procedentes de Bankia ao Banco Sabadell?. Sabendo que unha interventora, se fora o caso, dun banco non é un traballador calquera. En que grao participaron o señor Alcalde e o señor tenente Alcalde na operación que supuxo un cuantioso aumento de diñeiro do Concello ingresado no Banco Sabadell?

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

10.- PREGUNTA.- D. Juan José Cruz García: No máis que probable ou non probable caso de que o señor Alcalde e o Tenente Alcalde de Lalín participaran directamente na toma de decisións para mover os cartos á sucursal de Lalín do Banco Sabadell, por que non se abstiveron sabendo da relación íntima das partes cunha responsable directiva de oficina de Lalín do Banco Sabadell?.

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

11.- PREGUNTA.- D. Juan José Cruz García: Pensan que as insinuacións que se fixeron sobre o Presidente da AED lle son aplicables neste caso ao propio señor Alcalde e á súa muller e por extensión ao señor Tenente de Lalín?.

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

12.- PREGUNTA.- D. Juan José Cruz García: Que pensan hoxe daquelas insinuacións que se fixeron sobre que o Concello favorecía a unha entidade bancaria por amizade co seu director?

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

13.- PREGUNTA.- D. Juan José Cruz García: Estase tramitando dende o Concello un novo préstamo cunha entidade bancaria?.

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

14.- PREGUNTA.- D. Juan José Cruz García: Por que importe?.

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

15.- PREGUNTA.- D. Juan José Cruz García: Pódese dicir entón que se vai aumentar a débeda do Concello ou agora non se pode dicir iso?.

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

16.- PREGUNTA.- D. Juan José Cruz García: Por que motivo se fai por decreto, cando creo que noutros similares se fixeron por Xunta de Goberno?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Esta seguro diso?.

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

17.- PREGUNTA.- D. Juan José Cruz García: Estou dicindo que por que se fai por decreto cando noutros similares na historia do Concello de Lalín se fixeron por Xunta de Goberno local?.

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

18.- PREGUNTA.- D. Juan José Cruz García: A concelleira Lara da APAC, está conforme?.

19.- PREGUNTA.- D. Juan José Cruz García: Ese préstamo estase contratando co Banco Sabadell?.

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

20.- PREGUNTA.- D. Juan José Cruz García: Tiveron que ver algo na aprobación do préstamo o señor Alcalde ou o señor Tenente Alcalde?.

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

21.- PREGUNTA.- D. Juan José Cruz García: No caso de que interviran: teñen relación íntima con algún traballador de postos directivos da oficina do Banco Sabadell de Lalín?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Íntima? a que te refires?. Porque eu tiven as miñas épocas.

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

22.- PREGUNTA.- D. Juan José Cruz García: Seguimos. En caso afirmativo a última pregunta. Por que non se abstiveron e se consideran que é legal participar na formación deste préstamo habendo como hai un familiar directísimo de por medio con postos directivos de oficina coa que se vai a formalizar o préstamo?.

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

23.- PREGUNTA.- D. Juan José Cruz García: Sería posible que o señor Alcalde pida ao señor Secretario que nos explique a todos aquí e agora se ve indicios de posible ilegalidade en base á relación de afinidade e consanguinidade que existe entre un Directivo da sucursal do Banco Sabadell de Lalín e o señor Alcalde e Tenente Alcalde?.

D. Juan José Cruz García: Seguimos. Se quere falar o señor Secretario, non sigo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Que siga. Señor Secretario, por cuestións que eu lle vou explicar despois do Pleno, eu pídolle que non conteste. Xa contestara chegado o día.

O Secretario: Non me gustan nada todas estas preguntas.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *A min si. Escóiteme. A min si, porque me está facendo un favor. Continúe por favor.*

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

24.- PREGUNTA.- D. Juan José Cruz García: No tema do ENIL preguntome se podedes botar a culpa a Medela, como en todos os casos, e neste tamén.

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

25.- PREGUNTA.- D. Juan José Cruz García: O funcionario das firmas falsas non é de nacionalidade española?.

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

26.- PREGUNTA.- D. Juan José Cruz García: É racista o señor Tenente Alcalde de Lalín?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ata aquí. Damos por rematado o Pleno. Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

27.- PREGUNTA.- D. Juan José Cruz García: Considera o goberno que na política é prioritario manter as amizades?. Fáltanme preguntas.

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que podía presentar por escrito as preguntas que faltaban.

E, sendo as doce horas e dezasete minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e feudatario público dou fe.

O Alcalde.
Rafael Cuíña Aparicio

Dou fe. O Secretario Xeral.
César López Arribas